



Materiais didácticos para a actividade

Equipo de traballo

Juan Ávila Ribadas

Román Cerqueiro Landín

Paco Díaz Rey

Doc. nº3: módulo 3

Ler e escribir para se expresar



A nosa proposta de tipoloxía textual, recordas? Baseada na intención dos textos, na súa función práctica, continúa neste módulo de traballo cos textos que demos en chamar: “Ler e escribir para expresarse”, e que abranguen actos comunicativos –sexa cal sexa o seu xénero textual– que persigan esta finalidade: expresar os sentimentos, as emocións, as percepcións... centrados dun xeito especial na forma que adoptan; son textos onde o continente é tamén o contido, textos que poderíamos cualificar dentro do feito literario, textos artísticos.

Comentabamos no bloque anterior que a competencia en comunicación lingüística consiste –no esencial– na capacidade de comprender e de producir unha variedade de textos en diferentes contextos socialmente relevantes. Pois ben, desde esta perspectiva, a competencia literaria dunha persoa implica a súa capacidade de comprender, de valorar e gozar daqueles textos que consideramos expresivos; tamén na adquisición dun hábito lector e consiste, así mesmo, e moi especialmente, na participación en creacións artísticas e literarias, sexan estas individuais ou colectivas, que impliquen a expresión dos sentimentos, a creatividade e a imaxinación.



<http://www.youtube.com/watch?v=nPB-4lq97zg>

Non será o estudo de correntes literarias, ou autores xa finados, o único camiño para desenvolver estas capacidades. Quizais non o sexa en absoluto. Porque, como xa temos falado nestas páxinas, a escribir apréndese... escribindo. A literatura hai que probala e hai que practicala para aprender. Como calquera outro obxecto de aprendizaxe. Vexamos a nosa proposta simplificada en tres eidos:

1) Proporcionar ao alumnado a posibilidade de ler e escribir textos expresivos.

Semella obvio pero non o é tanto. En realidade, os alumnos e alumnas len pouco e escriben menos (fóra dos seus libros de texto e dos exercicios máis habituais ou probas de control e exames). Aínda que xeralizar sempre implica unha inxustiza cos moitos exemplos de boas prácticas que existen, por suposto, os resultados das diferentes medidas de avaliación propia e allea confirman que esta apreciación se achega á verdade (algo que –se o pensamos ben– os/as docentes sabemos que sucede decote, que cómpre ler máis e mellores textos e, sobre todo, cómpre que o alumnado escriba).

Daquela, e na liña que seguimos nas propostas teóricas e prácticas deste obradoiro, o que se precisa, sen dúbida, é deseñar propostas, reservar tempos e organizar espazos que favorezan a escrita e a lectura de textos. Indispensables tarefas se pretendemos que os nosos alumnos e alumnas aprendan a escribilos e sexan quen de comprendelos.

2) Posibilitar/facilitar a comprensión (mellor se é compartida)

Sabemos que os mecanismos de comprensión lectora e mesmo os procesos de construción de textos e expresión escrita melloran cando son compartidos. Resulta enriquecedor, facilita o traballo e atende mellor á diversidade do alumnado a posibilidade de cooperar, de colaborar na interpretación dos textos e na xeración de ideas, na súa estruturación e a composición de escritos.

Por todo isto, cremos que será necesario proporcionar ao alumnado experiencias compartidas e colaborativas de achegamento a textos literarios para desenvolver a competencia literaria de cadaquén.

Un exemplo fantástico da promoción de actividades que fomentan a lectura é o feito de compartir e reflexionar conxuntamente sobre libros: os clubs de lectura.



<http://vimeo.com/28501568>

A web das bibliotecas escolares galegas é un referente en toda España de actividade sistemática, significativa e ben orientada. No seu web –que é ben seguro que

coñecerás— podes atopar infinidade de ligazóns a experiencias de interese, especialmente nos espazos adicados ao fomento da lectura: Ler en mancomún; Punto de lectura; Libros a oito...



<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

3) Como? **Recreación, recontextualización, intertextualidade, creatividade, expresión**

Aprender facendo, learning by doing* recordas? Non abonda con saber, con lembrar, con saborear o feito literario; o alumnado ten que probar a creación, a escritura, a expresión literaria.

De entre as moitas propostas que encaixan neste apartado semellan de especial interese as que teñen que ver coa análise dos diferentes xéneros textuais propios da poética, apropiarse deles, tomalos en empréstito e xogar:

Recrear (escribir ao modo de...), **recontextualizar** (trastocar os elementos espazo-temporais...), ou proceder a **trasladar os xéneros** duns a outros (construír un poema a partir dun conto, trasladar ao formato de banda deseñada unha peza lírica, ou mesmo escribir baixo o influxo dunha determinada melodía ou aroma...). Desenvolver a creatividade depende destas e outras propostas, de lecturas e exercicios de escrita creativa.

Prácticas de lectura e escrita de textos dixitais

As novas tecnoloxías poden resultar ferramentas magníficas para o desenvolvemento de metodoloxías como as que vimos comentando.


Procedendo na liña dos módulos anteriores, recordemos o feito de que as TIC achegan ás nosas aulas de linguas a posibilidade de interactuar con novos xéneros textuais: textos que engaden valor aos textos analóxicos habituais porque estes textos poden ser:

1) Dixitais

Polo que engaden un valor enorme ás posibilidades de expresión. Pensemos no carácter navegable dos textos dixitais, na súa proxección cara á rede, cara ao infinito do mundo da información. As nosas aulas son agora un portal de acceso a textos, imaxes, vídeos, audiovisuais... non hai agocho en ningures que non poida ser explorado polo alumnado mesmo sen saíren da propia aula, anotados nos seus cadernos —que xa non son de papel. Son espazos virtuais abertos— compartidos co universo.

2) Multimedia

Todos cantos mecanismos e propostas de aula mencionamos para o desenvolvemento da expresión creativa (recreación, recontextualización, intertextualidade...) atopan no carácter multimodal dos textos dixitais un territorio de fertilidade fabuloso. A posibilidade de experimentar con ferramentas que permiten a escrita, o deseño gráfico, a manipulación de imaxes, gravación e manipulación de arquivos de son, de vídeo, de animación... amplían as posibilidades de expresión persoal e de expansión da creatividade até extremos insospeitados hai pouco tempo.



133. J. V. FOIX (Barcelona, 1893 - 1982). «Poema de Sines».

poesía = repostería

arte
placer
pecado
tradición
aprendizaje



<http://www.slideshare.net/ppitufol/bocaditos-poticos>

O profesor Zayas, mencionado en varias ocasións ao longo desta documentación, enumera varias posibilidades máis:

- *Publicación de revistas de aula, utilizando blogs, wikis, libros dixitais...*
- *Elaboración de antoloxías de poemas ou relatos breves, categorizados, etiquetados.*
- *Publicación de blogs de personaxes literarios como actividade de recreación textual.*
- *Engadir ligazóns a un texto literario (enriquecelo con notas, conexións, información...).*
- *Gravar en audio ou vídeo lecturas de poemas e relatos, insertalos en blogs...*
- *Radio en liña (podcasts), narracións dixitais, guions para vídeo a partires de relatos, creación de pósteres virtuais...*

3) Interactivos

A outra característica nomeadamente útil para os nosos propósitos. Diciamos que a comprensión mellora cando é compartida, pois velaí outra das potencialidades das TIC para axudarnos no traballo. As plataformas onde traballamos estes textos dixitais permiten (en graos sucesivos de apertura segundo nós deseñemos os espazos) a participación, a interacción e mesmo o traballo colaborativo. Daquela convértese en recursos xa indispensables para as nosas aulas.

As redes sociais funcionan dun xeito tal que constitúen unha canle inmejorable para moitas das tarefas educativas e –en particular– da formación literaria. A razón de ser

destas redes é, fundamentalmente, a de crear, manipular e compartir obxectos dixitais; permiten colaborar para resolver problemas ou aprofundar nalgunha temática. Fomentan, polo tanto, unha aprendizaxe activa, participativa e, así mesmo, a colaboración. Desfán tamén en certa medida a tradicional relación entre o/a docente e o/a discente, creando ámbitos máis horizontais de relación.

As tarefas que propoñemos para este bloque de contido son exemplos ben sinxelos de actividades de creación artística multimedia, de expresión escrita dixital, para que saibas o que se sente, comprobases as dificultades e goces dos resultados:

Unha creación literaria (videopoema e/ou microrrelato) poética e/ou narrativa e sempre expresiva, estética, artística. A creación –mediante sinxelas e intuitivas ferramentas– dun arquivo de vídeo para o teu blog.

Unha actividade CR (implica lectura crítica e mais expresión creativa)¹. Trátase da nova educación mediática, das novas modalidades de expresión dixital que analiza a profesora [Tíscar Lara](#) (de quen tomamos este termo) e que debes coñecer canto antes.



Remix (remexer audio, vídeo, texto, imaxe...); **“Do It Yourself”** (cultura do Beta, faino ti mesmo); **Viralidade** da rede (utiliza a rede para espallar as túas mensaxes e creacións. Construción dunha intelixencia común/compartida)



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

¹ [Claves para diseñar actividades CR \(Críticas e creativas\).Artículo da profesora Lara. Leer.es](#)